



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X legislatura  
Número 411  
15 de xaneiro de 2019

Fascículo 3



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

#### Admisión a trámite e publicación

##### **I 41966 (10/PRE-012194)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o detalle das sancións e multas impostas pola Administración autonómica ás empresas produtoras, distribuidoras e comercializadoras de enerxía eléctrica desde 2009 por comportamentos contra o dereito das persoas consumidoras [138778](#)

##### **I 41968 (10/PRE-012195)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o pormenor dos 150 millóns de euros achegados pola Xunta de Galicia ao sector da automoción nos últimos anos [138779](#)

##### **I 42013 (10/PRE-013157)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o informe elaborado entre os anos 2005-2009 respecto da CRTVG [138780](#)

##### **I 42017 (10/PRE-013158)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a rehabilitación do edificio Baños de Cortegada (Ourense) [138782](#)

##### **I 42028 (10/PRE-013159)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos

Sobre a situación da locomotora *Sarita* da Fundación Camilo José Cela [138784](#)

##### **I 42041 (10/PRE-013160)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a instauración polo Goberno das axudas para a bonificación de aparatos electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética A [138786](#)

**I 42057 (10/PRE-013161)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación ao emisario submarino en Lourizán (Pontevedra)

[138788](#)

**I 42067 (10/PRE-013162)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC

[138790](#)

**I 42158 (10/PRE-013163)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a cobertura das baixas e vacacións dos facultativos no Centro de Saúde de Vedra

[138792](#)

**I 42162 (10/PRE-013164)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a expulsión do Centro Galego de Ospaña

[138795](#)

**I 42166 (10/PRE-013165)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actividade do Observatorio da Lingua Galega

[138798](#)

**I 42189 (10/PRE-013166)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación da empresa Alcoa en Galicia

[138802](#)

**I 42211 (10/PRE-013167)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo

[138805](#)

**I 42244 (10/PRE-013169)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia do 27 de setembro referido á situación das autoescolas galegas

[138810](#)

**I 42276 (10/PRE-013170)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para mellorar o transporte ferroviario entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela [138814](#)

**I 42293 (10/PRE-013171)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre o Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense

[138819](#)

**I 42303 (10/PRE-013172)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pierres López, María Luisa e 2 máis**

Sobre os problemas derivados da recollida das augas pluviais nos diferentes tramos do corredor do Morrazo e as medidas adoptadas para evitalos

[138823](#)

**I 42375 (10/PRE-014113)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ao respecto da avaliación e reparación das deficiencias denunciadas polos profesionais e usuarios do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, e as actuacións levadas a cabo para solicitar á empresa construtora do centro a reparación das deficiencias que lle puideran ser atribuídas

[138825](#)

**I 42384 (10/PRE-014114)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da eficacia da súa política de recursos humanos para a atención primaria na última década e aquelas medidas que puido ter adoptado anteriormente orientadas a mellorar a actual situación deste servizo

[138828](#)

**I 42437 (10/PRE-014129)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da incidencia da suba do prezo da electricidade e as actuacións previstas ou levadas a cabo para a súa contención

[138830](#)

**I 42445 (10/PRE-014130)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a valoración, as medidas e as actuacións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego en relación ao mantemento do emprego e a capacidade de produción nos Centros de Ferroatlántica en Galicia

[138834](#)

**I 42452 (10/PRE-014131)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre o coñecemento e medidas realizadas e a realizar pola Xunta de Galicia en aras de solucionar os problemas que obrigaron a suspender a actividade do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, en Lugo [138840](#)

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

■ Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións aéreas básicas tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 893 final] [2018/0433 ( COD)]

-10/UECS-000264 (43136)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións aéreas básicas tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 893 final] [2018/0433 ( COD)] [138844](#)

■ Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade aérea tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 894 final] [ COM(2018) 894 final Anexo] [2018/0434 (COD)]

-10/UECS-000265 (43137)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade aérea tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 894 final] [ COM(2018) 894 final Anexo] [2018/0434 ( COD)] [138862](#)

■ Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións básicas de transporte de mercadorías por estrada tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 895 final] [2018/0436 ( COD)]

-10/UECS-000266 (43138)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as cone-

xións básicas de transporte de mercadorías por estrada tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 895 final] [2018/0436 ( COD)] [138877](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xaneiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

#### Admisión a trámite e publicación

- 41966 (10/PRE-012194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o detalle das sancións e multas impostas pola Administración autonómica ás empresas produtoras, distribuidoras e comercializadoras de enerxía eléctrica desde 2009 por comportamentos contra o dereito das persoas consumidoras

- 41968 (10/PRE-012195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o pormenor dos 150 millóns de euros achegados pola Xunta de Galicia ao sector da automoción nos últimos anos

- 42013 (10/PRE-013157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o informe elaborado entre os anos 2005-2009 respecto da CRTVG

- 42017 (10/PRE-013158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a rehabilitación do edificio Baños de Cortegada (Ourense)

- 42028 (10/PRE-013159)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos

Sobre a situación da locomotora *Sarita* da Fundación Camilo José Cela

- 42041 (10/PRE-013160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a instauración polo Goberno das axudas para a bonificación de aparatos electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética A

- 42057 (10/PRE-013161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación ao emisario submarino en Lourizán (Pontevedra)

- 42067 (10/PRE-013162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña Cidade das TIC

- 42158 (10/PRE-013163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a cobertura das baixas e vacacións dos facultativos no Centro de Saúde de Vedra

- 42162 (10/PRE-013164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a expulsión do Centro Galego de Ospaña

- 42166 (10/PRE-013165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actividade do Observatorio da Lingua Galega

- 42189 (10/PRE-013166)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación da empresa Alcoa en Galicia

- 42211 (10/PRE-013167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo

- 42244 (10/PRE-013169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que levou a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia do 27 de setembro referido á situación das autoescolas galegas

- 42276 (10/PRE-013170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis



Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para mellorar o transporte ferroviario entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela

- 42293 (10/PRE-013171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre o Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense

- 42303 (10/PRE-013172)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 2 máis  
Sobre os problemas derivados da recollida das augas pluviais nos diferentes tramos do corredor do Morrazo e as medidas adoptadas para evitalos

- 42375 (10/PRE-014113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia ao respecto da avaliación e reparación das deficiencias denunciadas polos profesionais e usuarios do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, e as actuacións levadas a cabo para solicitar á empresa construtora do centro a reparación das deficiencias que lle puideran ser atribuídas

- 42384 (10/PRE-014114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da eficacia da súa política de recursos humanos para a atención primaria na última década e aquelas medidas que puido ter adoptado anteriormente orientadas a mellorar a actual situación deste servizo

- 42437 (10/PRE-014129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da incidencia da suba do prezo da electricidade e as actuacións previstas ou levadas a cabo para a súa contención

- 42445 (10/PRE-014130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a valoración, as medidas e as actuacións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego en relación ao mantemento do emprego e a capacidade de produción nos Centros de Ferroatlántica en Galicia

- 42452 (10/PRE-014131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o coñecemento e medidas realizadas e a realizar pola Xunta de Galicia en aras de solucionar os problemas que obrigaron a suspender a actividade do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, en Lugo

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## **1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**

### **1.5.4. De ámbito europeo**

#### **1.5.4.1. Unión Europea**

**Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións aéreas básicas tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 893 final] [2018/0433 ( COD)]**

-10/UECS-000264 (43136)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións aéreas básicas tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 893 final] [2018/0433 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 43136, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións aéreas básicas tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 893 final] [2018/0433 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade aérea tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 894 final] [ COM(2018) 894 final Anexo] [2018/0434 (COD)]**

-10/UECS-000265 (43137)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade aérea tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 894 final] [ COM(2018) 894 final Anexo] [2018/0434 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 43137, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade aérea tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 894 final] [ COM(2018) 894 final Anexo] [2018/0434 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Resolución da Presidencia, do 14 de xaneiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións básicas de transporte de mercadorías por estrada tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 895 final] [2018/0436 ( COD)]**

-10/UECS-000266 (43138)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións básicas de transporte de mercadorías por estrada tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 895 final] [2018/0436 ( COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 43138, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas comúns para garantir as conexións básicas de transporte de mercadorías por estrada tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [ COM(2018) 895 final] [2018/0436 ( COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Cal é o desglose das sancións e multas impostas pola Administración autonómica ás empresas produtoras, distribuidoras e comercializadoras de enerxía eléctrica dende 2009, por comportamentos contra o dereito das persoas consumidoras?

Detallando, número de sancións a cada empresa, contía a cada empresa, conceptos xerais das sancións.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/12/2018 10:03:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Cal é o desglose dos 150 millóns de euros aportados pola Xunta de Galicia ao sector da automoción nos últimos anos?

Detallando: empresa, data, contía e concepto da axuda.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/12/2018 10:03:49**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 31 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro.

Manipulación que ante a proximidade das eleccións municipais se vén acrecentando nestes últimos meses coa supresión das desconexións locais da Radio Galega, unha medida estritamente política que obedece ao interese do PP de controlar a información local de cara a estes comicios.

Ademais a asemblea de traballadores e traballadoras convocada polo Comité Intercentros da CRTVG acordou de xeito maioritario poñer en marcha un calendario de mobilizacións contra o desmantelamento deste servizo público, que comezaron o pasado 20 de novembro con paros parciais de dúas horas por quenda e que se mantiveron en días alternos ata o 2 de decembro, así como dúas convocatorias de folga de 24 horas os días 19 e 22 de decembro.

Na Sesión plenaria do pasado 5 de decembro de 2018, o Grupo Parlamentario Socialista preguntaba ao vicepresidente da Xunta de Galicia “que valoración fai a Xunta de Galicia acerca do grado de cumprimento da *Lei 9/2011, do 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia?*” Na súa resposta, o vicepresidente facía referencia a un “informe pagado con cartos públicos elaborado entre o ano 2005-2009 sobre a CRTVG”.





Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o informe a respecto da CRTVG ao que se refería o vicepresidente da Xunta de Galicia na súa resposta ao Grupo Parlamentario Socialista no Pleno do pasado 5 de decembro?
2. Cando se elaborou dito documento?
3. Que empresa realizou este informe?
4. Elaborouse algún informe similar con posterioridade ao ano 2009?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/12/2018 09:38:48**

**Julio Torrado Quintela na data 26/12/2018 09:38:54**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Un dos moitos enclaves termais que ten a provincia de Ourense, localízase no concello de Cortegada, que debido a súa fama durante moitos anos, chegou a ser denominado “Cortegada de Baños”. A tradición mineiro-medicinal destas augas vén de moi atrás, fálase de que xa no século XV xa estaban documentadas estes mananciais, pero non foi ata finais do XIX, en pleno auxe das augas minerais, cando se comezaron a preparar as casas de augas e algunhas instalacións máis para albergar aos bañistas. Nas primeiras décadas do século XX construíuse en Cortegada un edificio-balneario que pronto destruíu unha crecida do río. A pesares de que o auxe do termalismo comezou a decaer debido primeiro á ditadura de Primo de Rivera e posteriormente pola guerra civil e a propia ditadura franquista, construíuse un edificio modernista novo que se acabou en 1937 e que na actualidade se atopa á beira do Miño. Varias urxencias, instalacións e antigos pilones termais quedaron asolagados para sempre, aínda así se recuperaron unha parte das augas mediante dúas perforacións. As augas son de mineralización débil, bicarbonatadas sódicas, fluoruradas, litínicas, sulfuradas e termais, e están indicadas para o tratamento de enfermidades do aparello dixestivo e afeccións dermatolóxicas. Adicionalmente, no ano 2015 abriuse ao público un balneario situado por riba do antigo e preto do miradoiro de O Coto da Pena.

No Consello da Xunta de Galicia celebrado o pasado 20 de decembro de 2018, autorizouse un convenio entre Cultura e Turismo e o Concello de Cortegada para, segundo se recolle na referencia do propio Consello “impulsar o proxecto de rehabilitación do edificio Baños de Cortegada, dotando dun uso sociocultural ao edificio, incluíndo unha área museística e de reunións e, en virtude da aplicación do Plan especial do Parque Termal de Cortegada, manter o seu uso hostaleiro cunha cafetería no seu primeiro andar e na terraza con vistas ao río Miño. Ademais de pór en valor este edificio, coa súa rehabilitación dotaranse de servizos complementarios os turistas e visitantes que se acheguen a Cortegada e á provincia de Ourense”.



Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia comezar a rehabilitación do edificio Baños de Cortegada (Ourense)?
2. A que partida dos orzamentos do ano 2019 da Xunta de Galicia se vai asignar esta rehabilitación?
3. Ademais das reformas que se van a realizar para conferirlle utilidade sociocultural, ten previsto a Xunta de Galicia manter nese edificio o aproveitamento e uso das augas termais?
4. En caso afirmativo, ten previsto o Goberno galego realizar algunha mellora para facilitar o uso e desfrute das augas termais do edificio de Baños de Cortegada (Ourense)?
5. Cal vai ser a temática da área museística que se vai crear no edificio Baños de Cortegada (Ourense)?
6. Cal foi o número de pernoctacións de turistas rexistradas no concello de Cortegada (Ourense) durante o ano 2018?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia a realización dalgunha actuación para aumentar o número de pernoctacións de turistas en Cortegada (Ourense)?
8. De que servizos complementarios, anunciados pola Xunta de Galicia, se vai dotar aos turistas e visitantes que se acheguen a Cortegada?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
José Manuel Pérez Seco  
Abel Losada Álvarez

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/12/2018 09:43:18**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/12/2018 09:43:24**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/12/2018 09:43:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO.

**Marcos Cal Ogando**, deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta escrita**.

Con anterioridade a que se coñecera o traslado da locomotora “Sestao” da Fundación Camilo José Cela ao Museo do Ferrocarril de Ponferrada pediuse a cesión por parte de esta fundación da locomotora “Sarita” ao Museo do Ferrocarril de Vilagarcía de Arousa recibindo unha negativa por resposta a pesar de estar esta vinculada historicamente a Vilagarcía.

A oposición do PP no parlamento Galego ante esta medida foi argumentada debido á apertura da fundación ao público pero, actualmente, coñécese que está sendo obxecto de desmantelamento. A pesar da negativa do traspaso da locomotora “Sarita” de Padrón a Vilagarcía si se permite a da “Sestao” a Ponferrada.

Esta petición tamén se viu reprimida por parte do PSdG de Vilagarcía, apoiado neste aspecto pola Xunta de Galicia, que quixo evitar calquera tipo de conflito entre ambos concellos.

Obviando a importancia histórica que ten esta locomotora para Vilagarcía e para o Museo do Ferrocarril, o PSdG limitouse a prometer de forma ambigua a busca de novos fondos para este.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea, formula as seguintes

**Preguntas para a súa resposta escrita:**





1.<sup>a</sup>) Cal será a situación da locomotora “Sarita” despois do desmantelamento da Fundación Camilo José Cela? Irá a parar fóra de Galicia como a “Sestao”?

2.<sup>a</sup>) Existe algunha razón que xustifique o agravio comparativo entre o Museo do Ferrocarril de Ponferrada respecto ao de Vilagarcía?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 26/12/2018 10:44:48**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

España é o terceiro país produtor de electrodomésticos da UE. O sector dos electrodomésticos é un dos máis importantes da economía, que non só está circunscrito á fabricación dos produtos, posto que é un indicador da situación económica e do consumo das familias - claramente resentido coa crise económica-. En Galicia, o sector dos electrodomésticos representa un 8,3 por cento do mercado nacional, o que supón a súa presenza no territorio e milleiros de postos de traballo en todo o país.

O 18 por cento do consumo enerxético do total de España provén dos fogares e o 50 por cento do consumo eléctrico do fogar corresponde aos electrodomésticos. Na actualidade, hai un gran parque de aparatos antigos, de altos consumos eléctrico e hídrico e que non se renova, sendo así que o 37 por cento dos aparatos que hai nos fogares ten máis de 10 anos.

Outras comunidades autónomas (Madrid, Euskadi, Extremadura, Aragón e Castela A Mancha) dispoñen de axudas para a bonificación de aparatos electrodomésticos, o que supón a potenciación dunha maior concienciación ambiental por parte da cidadanía; a redución de consumos enerxéticos, máis aforro no gasto enerxético dos fogares e a mellora da renda dispoñible por parte das persoas consumidoras; recollida máis selectiva de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e unha axuda importante para os chamados “consumidores vulnerables”. Pola contra, Galicia non dispón de ningún tipo de axuda dende o ano 2011 e iso que o impacto no gasto público sería escaso, dada a recuperación dunha boa parte das axudas vía IVE e imposto de sociedades.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno da Xunta de Galicia de que na actualidade hai un gran parque de aparatos electrodomésticos antigos, de altos consumos eléctrico e hídrico?



2. Vai instaurar o Goberno axudas para a bonificación de aparatos electrodomésticos coa máxima clasificación enerxética (A+++), a través dun “Plan Renove” con entidades colaboradoras que xustifiquen a retirada de electrodomésticos para a súa reciclaxe e garantan a trazabilidade documental dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos? Cando?
3. Vai destinar, a lo menos, o 50 por cento da contía total da inversión do dito “Plan Renove” á cidadanía con bono social e/ou risco de pobreza enerxética?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Abel Losada Álvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 12:41:46**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/12/2018 12:41:52**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/12/2018 12:41:57**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/12/2018 12:42:03**

**María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 12:42:08**





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En Lourizán (Pontevedra) sitúase a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres, que se encarga do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia, xunto coas de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Ponte Caldelas. Ademais da EDAR, de Lourizán parte o actual emisario submarino e, segundo prevé o Goberno da Xunta de Galicia, partirá tamén un novo emisario submarino que ocupará 1300 metros cadrados do demanio coa construción da chamada “cámara de carga e bombeo”, onde se recollerán as augas residuais procedentes da EDAR e se enviarán ao emisario propiamente dito. Segundo o anteproxecto do Goberno galego, trátase dun edificio de 19x13,30 metros de planta e 7,40 metros de altura, é dicir, trátase dun edificio que terá un importante impacto visual sobre a contorna.

Ninguén discute que os emisarios submarinos contribúen á mellora da calidade das augas pola depuración mediante dilución. Non obstante, coa *conditio sine qua non* de que estas augas estean previamente ben depuradas, o que significa que cómpre abordar primeiro a correcta depuración dos vertidos que se pretenda enviar ao emisario, cuestión que non está, nin de lonxe resolta.

Na parroquia de Lourizán (sumamente degradada), a veciñanza oponse a este anteproxecto de novo emisario. Polo xa exposto e pola incidencia negativa do emisario que xa existe sobre os cultivos mariños, as augas da ría e a Illa de Tambo, sen esquecer que no entorno do emprazamento do proxecto hai un total de 49 bancos marisqueiros, tales como os de a pé de Os Praceres, a flote de Lourizán e de navalla e longueirón de Lourizán.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Comparte o Goberno da Xunta de Galicia que, para que os emisarios submarinos contribúan á mellora da calidade das augas pola depuración mediante dilución, é preciso que as augas residuais urbanas estean previamente ben depuradas?
2. Ten solucionado o Goberno a depuración na EDAR de Lourizán, en Pontevedra?





3. Se a resposta anterior fose negativa, cales son entón os motivos para proxectar un novo emisario?
4. Sabe o Goberno que a ocupación de 1300 metros cadrados do demanio pola cámara de carga e bombeo dese novo emisario vai provocar un tremendo impacto visual sobre a contorna?
5. Ten coñecemento o Goberno da incidencia negativa do actual emisario sobre os cultivos mariños, as augas da ría e a Illa de Tambo? Ten en conta o Goberno que pode ser peor co novo proxecto?
6. Vai aceptar o Goberno as alegacións da Plataforma de Lourizán ao anteprojecto de novo emisario submarino?
7. Vai retirar o Goberno o proxecto de emisario submarino?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Luís Manuel Álvarez Martínez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/12/2018 14:08:26**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/12/2018 14:08:32**

**María Luisa Pierres López na data 26/12/2018 14:08:37**



## Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, e María Concepción Burgo López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Universidade da Coruña (UDC) vén de anunciar o impulso a un reto estratéxico para o sector tecnolóxico da información e das comunicacións en Galicia, a creación da Cidade das TIC, unha potente infraestrutura para a imbricación das empresas tecnolóxicas cos centros académicos e de investigación desta universidade nas áreas TIC. Este proxecto, que nace en estreita colaboración co Clúster TIC Galicia, presenta para A Coruña o que sería o maior centro tecnolóxico de Galicia, converténdose no eixo internacional de innovación en Galicia, en rede cos outros polos tecnolóxicos existentes en Santiago, Vigo ou As Rozas en Lugo.

Importantes empresas locomotoras do sector tecnolóxico verían positivamente a creación deste espazo de colaboración, que se radicaría nas instalacións da actual Fábrica de Armas da Coruña e que, pertencente ao Ministerio de Defensa, deberá contar cun novo proxecto industrial unha vez se reverta a actual concesión da empresa Hércules de Armamento por incumprimento concesionario. Este novo proxecto tecnolóxico que impulsa a UDC absorbería e reciclaría ao persoal do actual concesionario. Dada a capacidade das instalacións da Fábrica de Armas, este proxecto sería compatible con outros posibles usos, conforme ao planeamento urbanístico municipal da Coruña.

Análise e xestión de datos, especialmente en contornas *Big Data*, intelixencia artificial, servizos biodixitais, ciberseguridade, etc. serían áreas clave para este proxecto, no que incide ademais a nova aposta da UDC pola especialización coa posta en marcha do seu Campus Innova, que ten como misión afondar nas súas fortalezas arredor das TIC, na súa hibridación con outras áreas de coñecemento como as ciencias da vida, a enxeñaría civil, a edificación, a aeronáutica ou a bioloxía avanzada.

Na creación deste novo ecosistema de integración de investigadores, centros tecnolóxicos e empresas, o papel de apoio, impulso e colaboración activa das administracións públicas resulta esencial, tanto desde unha perspectiva institucional, como social e económica. A implicación nun proxecto clave para Galicia require o compromiso ao máis alto nivel por parte do Goberno galego. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, nas súas tres vertentes competenciais, como o propio Igape ou a Gain deben ser motores deste proxecto. O papel tanto da Deputación Provincial coma do Concello da Coruña tamén será estratéxico para acadar o máximo consenso institucional entorno a este novo polo tecnolóxico na Coruña. Tamén o do



conxunto de axentes económicos e sociais vencellados a esta importante iniciativa será preciso para o seu éxito.

Polo exposto os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o proxecto do novo polo tecnolóxico da Coruña *Cidade das TIC*, impulsado pola Universidade da Coruña en colaboración co Clúster TIC Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/12/2018 16:41:24**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/12/2018 16:41:36**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/12/2018 16:41:41**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 26/12/2018 16:41:50**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15 por cento dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns.

Recentemente os/as profesionais sanitarios están alertando de maneira enerxicamente sobre os problemas da atención primaria en Galicia, o que resulta na folga que están mantendo os PAC, as folgas convocadas de médicos/as nos



últimos meses do ano 2018 ou a dimisión en bloque de case todos os/as xefes de servizo de atención primaria en Vigo.

O caso de Vedra é paradigmático da situación que se vive na atención primaria en Galicia. O centro de saúde ten tres facultativos para atender á poboación, mais existen numerosas ocasións (baixas, vacacións...) en que non están os tres operativos no centro. Os dous restantes (nalgún caso pode ocorrer que un so) deben facerse cargo de toda a poboación que acude ao centro, o que eleva o número de pacientes a atender e dificulta a calidade asistencial enormemente.

Dende o Concello de Vedra existiron xa diversas accións orientadas a mellorar a calidade asistencial, entre elas as preguntas no Pleno e esixencias ao alcalde de que mediara para resolver esta cuestión coas xestións que fosen necesarias ante a Xunta de Galicia, responsable do servizo.

A pesares destas demandas, que están apoiadas por numerosos veciños e veciñas que demandan a substitución dos profesionais do centro de saúde para poder garantir a mellor calidade asistencial posible, non existiu apenas ningunha mellora estrutural por parte da Xunta de Galicia, limitándose a solucións moi puntuais que non resoven o problema xeral.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia afrontar as baixas e vacacións dos facultativos no Centro de Saúde de Vedra coas substitucións necesarias para garantir a presenza de tres médicos/as e manter o nivel da calidade asistencial?
2. Realizouse dende o Goberno local de Vedra algunha xestión ante a Consellería de Sanidade para resolver o problema no sentido de demandar as substitucións necesarias de profesionais no centro de saúde? Cando? Que resultado deron esas xestións?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 16:38:41**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/12/2018 16:38:47**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 16:38:52**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á expulsión do Centro Galego de Ospaña.

O Centro Galego de Buenos Aires é un centro emblemático, pero que está atravesando unha situación crítica, ante a que é urxente actuar, porque a perda do Centro Galego sería o inicio do desmantelamento do patrimonio galego na emigración.

Está en xogo un hospital, que se atopa en fase de desmantelamento, e está en xogo un legado cultural, editorial, histórico e simbólico fundamental. Alí está a habitación Museo onde morreu Castelao, unha biblioteca con 20 mil exemplares, unha colección de pintura con obras de Castelao, Maside ou Colmeiro, e o legado dunha editorial: Edicións Galicia.

É certo que o centro leva arrastrando problemas desde 2002, pero agora está nunha situación **CRÍTICA**, que ten responsabilidades plurais. Entre elas as da Xunta de Galiza que decidiu disolver a Fundación Galiza Saúde e posteriormente participou nun proceso escuro polo que expulsan de **OSPAÑA** ao Centro Galego, causándolle un prexuízo a este entidade.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Coa finalidade de aclarar como foi este proceso, formulamos a seguinte  
Pregunta para a súa resposta escrita.

“Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a expulsión do Centro Galego de  
Ospaña?

Cal foi a posición de voto do/a representante da Xunta de Galiza en Ospaña?

Avalou o/a representante da Xunta de Galiza en Ospaña a modificación  
estatutaria que que modificou as porcentaxes necesarias para adopción de acordos?

Interviu a Xunta de Galiza dalgún xeito para favorecer a expulsión do Centro  
Galego de Ospaña?

Que supervisión leva a xunta de Galiza sobre o funcionamento de Ospaña?

Ten a Xunta de Galiza información sobre a situación económica de Ospaña?

En caso afirmativo, cales son os beneficios deste entidade?

Considera a Xunta de Galiza que debería restituírse ao Centro Galego como  
entidade integrada en Ospaña?”

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/12/2018 17:03:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/12/2018 17:04:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/12/2018 17:04:05**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/12/2018 17:04:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/12/2018 17:04:10**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/12/2018 17:04:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a actividade do Observatorio da Lingua Galega

O Observatorio da Lingua Galega foi creado no ano 2008. Entre os seus obxectivos fundacionais están, como aparece recollido no seu portal web:

- Obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade.
- Lograr información cuantitativa e cualitativa acerca da presenza do galego nos distintos ámbitos mencionados.
- Permitir establecer comparacións dos usos lingüísticos en diferentes ámbitos da sociedade.
- Posibilitar o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega ou de calquera outro plan de dinamización específico dos sectores que nel se recollen.
- Servir de punto de partida da observación e a avaliación do uso social do galego.
- Facilitar, mediante sucesivas observacións no tempo, a medición e a valoración do impacto das actuacións en materia de lingua.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Dispoñer, por primeira vez, dunha información profunda e rigorosa da realidade lingüística de Galicia.
- Poder orientar e focalizar as medidas a prol da lingua nos ámbitos en que sexa máis necesario e se constate unha maior demanda.
- Dar a coñecer, a través da súa web e o seu boletín, a diversidade lingüística mundial mediante a publicación diaria de noticias relacionadas co galego e o resto de linguas de España e do mundo.

Após unha década da súa creación, os datos publicados continúan a se corresponder co ano 2008, a avaliación da presenza da lingua galega e uso social da mesma en diversos ámbitos non foi actualizada nin se impulsaron novos ámbitos de estudo.

Así as cousas, a Xunta de Galiza -a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística-, foi adxudicando o correspondente contrato para que unha empresa asumise as tarefas de mantemento web e de actualización dos contidos e servizos do Observatorio.

No concreto, en 2017 o contrato foi adxudicado nun proceso negociado sen publicidade á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACION, S.A. por valor de 57.000 euros (IVE incluído).

Por todo o anteriormente exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Por que non ten actualizado a Xunta de Galiza nos últimos dez anos os estudos e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

informes do Observatorio da Lingua Galega?

Considera o Goberno galego que o Observatorio está a cumprir as súas funcións?

Que tarefas vén desenvolvendo a empresa contratada para a súa xestión?

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?

Vai impulsar algún estudo ou avaliación o Goberno galego para coñecer a realidade lingüística do noso país en ámbitos como os medios de comunicación, economía e empresa, administración pública, TIC ou educación, entre outros?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/12/2018 17:21:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/12/2018 17:21:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/12/2018 17:21:31**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/12/2018 17:21:33**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/12/2018 17:21:35**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/12/2018 17:21:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación de Alcoa en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, está de extrema actualidade.

O pasado 27 de decembro o grupo Alcoa prorrogou a negociación do ERE até xaneiro. Porén, até a altura as propostas desenvolvidas pola Xunta de Galiza e o goberno central non parecen ter sido efectivas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego a situación de Alcoa na Coruña?

Que medidas vai tomar ao respecto? Como avalía a implicación da Xunta de Galiza neste conflito desde o seu inicio? E do goberno central?

Considera, á luz dos feitos, que as iniciativas teñen sido suficientes?

Como valora as repercusións na industria electrointensiva en xeral?

E na situación de Alcoa San Cibrao?

Que vai facer o goberno galego para garantir a viabilidade da industria electrointensiva no noso país?

Como avalía o goberno galego a posibilidade de intervención pública neste tipo de situacións?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 11:02:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 11:02:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 11:02:37**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 11:02:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 11:02:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 11:02:44**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista alego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmovible fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuita por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Porén, pasado un ano continuamos sen ter unha resolución ao respecto. Por estes motivos, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento por parte de Agader do acordo emanado da Cámara galega?

- Por que medios e en que datas se tratou esta cuestión?

- Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?

- Coñece o goberno galego xustificación para a contía comprometida a través da resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013?

- Ten coñecemento o goberno galego das prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012 polas que foi condenado o señor Cipriano Augusto Gomes, presidente da Fundación Cipri Gomes? Ten avaliado se a xestión de fondos públicos do centro de Viana do Bolo cumpre coas garantías esixíbeis?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten pensado o goberno galego levar a cabo algún tipo de inspección ou auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos desde o 19 de abril de 2012 por parte da Fundación Cipri Gomes na que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 11:55:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 11:55:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 11:55:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 11:55:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 11:55:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 11:56:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación das autoescolas galegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de setembro de 2017 o Bloque Nacionalista Galego defendeu no Pleno do Parlamento galego unha Proposición non de lei relativa á situación límite de moitas autoescolas galegas diante da folta de persoal examinador e ás actuacións que debía levar a cabo a Xunta de Galiza para paliar o seu impacto económico e buscar unha saída.

Grazas á xenerosidade e vontade de diálogo dos demais grupos parlamentares foi posíbel aprobar unha transacción con seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Avaliar, en diálogo cos sectores afectados, o impacto da crise derivada dos conflitos coa Dirección Xeral de Tráfico e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas para evitar o peche de pequenas e medianas empresas e o despedimento de traballadores e traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Dirixirse ao Goberno Central para demandarlle a atención e negociación cos traballadores e traballadoras do persoal examinador de tráfico de cara a buscar un consenso.

3. demandar do Goberno central a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza vial.”

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental desde entón que estas demandas sexan atendidas con urxencia e dilixencia por parte do executivo galego e lamentamos que non foran desenvolvidas no seu conxunto.

Máis aínda, hai que recordar que a finais de 2018 o colectivo de examinadores e examinadoras anunciaba e puña en práctica novas mobilizacións que puñan outra vez nunha situación de alerta o sector no noso país. Posteriormente, no BOE do 27 de decembro de 2018 publicábase o Real Decreto-lei 24/2018 polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público. No seu artigo 21 referente á limitación do gasto na Administración Xeral do Estado establécese que calquera nova actuación que propoñan os departamentos ministeriais non poderá supor un aumento neto dos gastos de persoal, pero exceptúase desta prohibición, entre outras, as medidas necesarias para «*dar cumprimento al Acuerdo de la Comisión de Presupuestos del Congreso de los Diputados de 16 de mayo de 2018 en relación con el colectivo de examinadores de tráfico*» cuestión que minoraría os riscos de novos paros no 2019. Porén, cómpre recordar que as consecuencias da falta de vontade negociadora do goberno central durante 2017 levou a unha situación límite a moitas autoescolas galegas que aínda deben recuperarse e polo tanto este sector debe continuar baixo a protección do goberno galego.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento galego no 27 de setembro referido á situación das autoescolas galegas?

Cantas veces e con que contido se dirixiu o goberno galego ao goberno central con motivo de dar saída á folga do persoal examinador?

Que medidas fiscais ou económicas adoptou o goberno galego para minorar o impacto da situación de crise que están a vivir as autoescolas galegas? Con que previsión orzamentaria? E temporal?

De ter xa desenvolvido o goberno galego estas actuacións, pode facer unha avaliación do número de autónomos e autónomas ou autoescolas adscritas ás mesmas? Cal é a súa valoración?

Cantas veces e con que contido se dirixiu o goberno galego ao goberno central con motivo de transferir a competencia en materia de tráfico e seguranza vial? Desenvolveu o goberno galego algunha actuación para evitar un novo veto por parte do Estado?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 12:33:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 12:33:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 12:33:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 12:34:01**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 12:34:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 12:34:06**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás necesidades de mellora do transporte ferroviario entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela para revertir o agravio con Ourense e favorecer o seu mellor aproveitamento por parte das e dos ourensás.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego sempre defendeu a necesidade dunha rede ferroviaria moderna, compatíbel para o tráfico de persoas e mercadorías, que primara a mobilidade interior, e con conexións con Portugal e a Meseta. Porén, fronte a este deseño primou outro froito da concepción centralista do Estado que ten estado concibido co obxectivo de conectar Galiza con Madrid facendo que este criterio non se compatibilizase coa conexión interior de Galiza e a día de hoxe non temos sistema ferroviario modernizado nin un servizo equiparábel ao cercanías que cumpra coa súa función de conexión rápida, segura e útil para vertebración territorial entre cidades e vilas galegas. Un dos exemplos máis lamentables é o illamento de Lugo ou a discriminación de Ourense, que malia conservar conexións pola súa posición estratéxica de vía de saída á Meseta continua sendo discriminada nos prezos, nos horarios e nas condicións de venda dos billetes nunha das liñas de meirande uso, a que conecta Ourense con Santiago de Compostela e A Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Co obxecto de reconducir esta situación, o pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento Galego debateu unha Proposición non de Lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.

3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda”.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pasado un tempo razoábel, o grupo nacionalista empregou o mecanismo parlamentar de Preguntas Oraís en Comisión para facer seguimento destas cuestións na Comisión 2.<sup>a</sup> de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do día 22 de marzo de 2018. Porén, entendendo que a resposta non é suficiente e que a consecución do acordo impulsado polo Pleno do Parlamento Galego non pode descansar na súa remisión e transmisión aos organismos do goberno central, continuamos a facer seguimento. Resulta inaceptable baixo o noso punto de vista absoluta relaxación diante deste asunto tanto polo Partido Popular na Xunta de Galiza, como anteriormente polo goberno Rajoy como na actualidade por parte do goberno de Sánchez. Unha vez máis é un exemplo do agravio ao que se ve sometida Galiza.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para demandar o abaratamento da conexión Avant Ourense-Santiago-Coruña? Con que resultado?

Cantas comunicacións escritas dirixiu ao goberno central co obxecto de demandar as cuestións recollidas no acordo plenario do 7 de febreiro de 2018?

Cantas comunicacións orais dirixiu ao goberno central co obxecto de demandar as cuestións recollidas no acordo plenario do 7 de febreiro de 2018?

Cantas reunións oficiais mantivo o goberno galego co goberno central e/ou con Renfe-Adif co obxecto de demandar as cuestións recollidas no acordo plenario do 7 de febreiro de 2018 nas que se trataran como punto específico?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ten coñecemento o goberno galego dalgún horizonte temporal para esta homoxeneización das tarifas?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para demandar a reformulación dos termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva? Con que resultado?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego conducentes a conseguir a ampliación da frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago?

Coñece a Xunta Galiza se o goberno central ten feito algún estudo sobre a demanda de uso desta liña? Ten feito o goberno galego algunha de seu? Con que metodoloxía? Con que resultado? Ten previsto demandalo? Por que cauces?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 12:50:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 12:50:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 12:50:56**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 12:50:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 12:51:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 12:51:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante anos veciñanza, asociacións locais e organizacións políticas reivindicaron a construción primeiro e a apertura despois dun Centro de Saúde no barrio do Couto, en Ourense. Trátase dun barrio con moita poboación e necesidades evidentes de mellora na proximidade de atención sanitaria, para alén das necesidades de desconxestión doutros centros de saúde próximos. Malia todo isto, diferentes atrancos e a falta de vontade política da Xunta de Galiza e outros axentes dificultaron a súa apertura ao público mesmo aínda estando en risco de perder a parte de axudas europeas que contribuíran á súa edificación.

Parecía que a apertura tería lugar en setembro de 2016 pero tamén entón tivo un adiamento malia os anuncios públicos previos. Na altura, a Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde de Ourense volvía dar marcha atrás ao non ter a licenza de ocupación nun novo episodio de demora.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Finalmente, na última semana de novembro de 2017 o Centro de Saúde abriu as súas portas. Porén, a falta de planificación e improvisación da Xunta repercutiu en saturación na administración e molestias para as persoas usuarias do Couto e de Nóvoa Santos porque mudaron automaticamente ás persoas adscritas a profesionais que agora se desprazaban ao novo centro.

Doutra banda, pasados uns meses non acaban de darse por superadas outras eivas como filtracións de auga e problemas coa calefacción. Máis dun ano despois da apertura, no mes de decembro de 2018 onde as profesionais e usuarios volveron facer queixas sobre a falta de calefacción e filtracións de auga. A administración galega só actuou despois de que a prensa ourensá sacara fotografías e vídeos da lamentable situación, impropia dun centro novo e que supoñen un risco para a propia saúde tanto do cadro de persoal como das persoas usuarias.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Cal é a avaliación do goberno galego do primeiro ano de actividade do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?

Que protocolos para a reorganización sanitaria e de usuarios e usuarias desenvolveu a Consellaría de Sanidade? Coñece os problemas arriba exemplificados?

Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego diante das problemáticas da apertura do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a concreción do cadro de persoal previo e posterior do C.S Nóvoa Santos?  
E o número de tarxetas sanitarias adscritas?

Cal é a concreción do cadro de persoal do C.S O Couto? E o número de tarxetas sanitarias adscritas?

Cal é o número de pediatras do C.S Nóvoa Santos previo á apertura do C.S O Couto? E posterior?

Cal é o número de pediatras do C.S O Couto?

Están solucionados os problemas de filtracións de auga e insuficiencia da calefacción?

Cantas reclamacións cursou desde a súa apertura?

Que custo económico tiveron as obras efectuadas até o momento excluída a construción do centro?

Que custo económico se prevé para os arranxos necesarios para garantir o illamento das instalacións e unha temperatura adecuada?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2018 13:09:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/12/2018 13:09:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/12/2018 13:09:44**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/12/2018 13:09:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2018 13:09:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2018 13:09:50**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En maio de 2018, o Goberno da Xunta de Galicia procedía á inauguración dos dous primeiros tramos da autovía do Morrazo, coa ausencia dos grupos municipais do BNG, PSdeG-PSOE e XM-Coalición Independiente. Naquel momento estes tres grupos manifestaron que non ían ser cómplices da Axencia Galega de Infraestruturas e que, mentres non se arranxasen os problemas que estaban afectando aos veciños e veciñas de Moaña no referente á recollida de augas pluviais e aos danos dos viarios municipais, non asistirían a estes actos de “do Goberno galego.

A realidade é que estes problemas, que xa foran detectados e denunciados polo equipo de goberno de Moaña nos dous primeiros tramos da obra (arrastre de lodos, desbordamentos, obstrución de canles), estanse a reiterar nos novos tramos do corredor que se executan nestes momentos. Así, aos barrios xa afectados nas parroquias de Domaio e de Meira, agora súmanse graves problemas nos de Berducedo, Paradela, Marrúa ou Xalde. Ocorre que o aumento de caudal de augas pluviais procedentes do corredor é unha ameaza constante para a veciñanza que reside nos barrios próximos a esta infraestrutura e xa son moitos os viarios, camiños e propiedades que se están vendo afectados por este perigoso e incontrolado aumento do caudal.

Este Grupo Parlamentario Socialista volta a amosar a súa preocupación e desconformidade coa forma en que a Xunta de Galicia está a xestionar todo este asunto.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedor o Goberno galego das reiteradas reclamacións que desde o Concello de Moaña se teñen realizado polos problemas de arrastre de lodos, desbordamentos, obstrución de canles nos tramos en obras do corredor do Morrazo? Ten constatado a existencia destes problemas?
2. En caso de que así sexa, cales son as medidas que a Axencia Galega de Infraestruturas ten posto en marcha para a mellora e control do aumento do caudal de augas nas propiedades, camiños e viarios das parroquias próximas os tramos de corredor xa executados e nos que están actualmente en obras?
3. Estanse a seguir todos os protocolos de obra precisos para evitar os desbordamentos e inundacións de propiedades, camiños ou viarios?.

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 28/12/2018 13:06:49**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/12/2018 13:06:54**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/12/2018 13:07:06**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa repostada escrita**.

No PXOM de Ourense do ano 2003 clasifícase o ámbito AR43-O para equipamento público para expropiar os terreos, que aínda que debía non se cedeu ao Concello nos anos 70 como traseiras polas licencias de edificacións á Rúa Remedios.

O último Goberno socialista no Concello de Ourense executou o previsto no PXOM do ano 2003, e procedeu a expropiar, segregando a parcela: cedendo á Consellería de Presidencia 4.000 m<sup>2</sup> para a construción do Edificio Xudicial, e ao SERGAS outros 4.000 m<sup>2</sup> para a construción do Centro de Saúde do Couto.

O proxecto de reurbanización do contorno da AR43-O quedou rematado en febreiro de 2015 con todos os informes realizados, e pendente exclusivamente do informe de Confederación Hidrográfica, con partida orzamentaria asignada en 2015, que non chegou a executarse.

A instalación sanitaria, cuxas obras recibiu o Sergas en xuño de 2016, sufriu un retraso na súa apertura de máis dun ano e medio, debido a que estaban pendentes de executarse as obras de urbanización da contorna, que eran imprescindibles para que puidera contar coa correspondente licenza de ocupación. Este retraso, que mesmo chegou a poñer en risco parte das axudas europeas empregadas na súa edificación, produciuse pola ausencia de orzamentos do Concello de Ourense.

A pesares de que por parte do Sergas se tentou proceder á apertura do centro ás portas das eleccións autonómicas do ano 2016, este tivo que dar marcha atrás ante a advertencia do Goberno municipal de que non contaría coa licenza de ocupación, polo que a súa situación resultaría manifestamente ilegal. Así o ratificou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nunha sentenza na que queda patente o electoralismo co que pretendeu actuar o Goberno de Feijoo ás portas das



autonómicas de 2016, xa que ao denegarlle no seu día o Concello a licenza de ocupación ao centro de saúde, o Sergas recorreu o acordo, e o Xulgado Contencioso Administrativo, Número 2 de Ourense, desestimou ou seu recurso. O Sergas recorreu entón ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e este desestimou tamén o seu recurso.

O centro de saúde do Couto, o primeiro na historia deste barrio, e o sexto da cidade, dá servizo dende o 27 de novembro de 2017 a unha poboación de entre 15.000 a 18.000 veciños e veciñas, nunha parcela cedida polo Concello de Ourense no ano 2015 que ten unha superficie útil de 1.500 m<sup>2</sup>.

Dende a súa apertura, sucédense as queixas tanto dos profesionais como dos usuarios e usuarias sobre deficiencias nas instalacións que están impedindo que a atención sanitaria se desenvolva nas condicións máis axeitadas de salubridade e comodidade, acumulando numerosas reclamacións acerca da presenza de pingueiras, filtracións de auga no chan, ausencia de calefacción a primeira hora do día, cortes no subministro de auga quente...A pesares de que dende o grupo socialista coñecíamos recentemente que se reparara a caldeira, seguen existindo, a día de hoxe, no centro de saúde do Couto numerosas deficiencias pendentes de subsanar.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cando ten previsto a Xunta de Galicia subsanar todas as deficiencias denunciadas polos profesionais e usuarios e usuarias do centro de saúde de O Couto?
- 2.<sup>a</sup>) Constaban no informe de entrega da obra desta infraestrutura as deficiencias denunciadas?
- 3.<sup>a</sup>) Requiriuse nalgunha ocasión á empresa encargada da construción do centro de saúde de O Couto, para que subsanara deficiencias estruturais?
- 4.<sup>a</sup>) En que datas se levaron a cabo estes requirimentos?



5.<sup>a</sup>) Ten previsto a Xunta de Galicia realizar unha inspección técnica no Centro de Saúde de O Couto, radicado en Ourense, para detectar posibles deficiencias estruturais e de medios materiais?

6.<sup>a</sup>) En caso afirmativo, cando ten previsto levala a cabo?

7.<sup>a</sup>) Existe na actualidade un cronograma e orzamento da Xunta de Galicia para a corrección das deficiencias detectadas no centro de saúde de O Couto?

8.<sup>a</sup>) Levouse a cabo recentemente algunha análise sobre as condicións nas que se atopaba a infraestrutura cando se decepcionou a obra, e se puxo en marcha o centro de saúde de O Couto?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2019 10:32:43**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2019 10:32:51**





## Á Mesa do Parlamento

**O Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada** pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral para a súa resposta escrita**.

A situación actual da atención primaria en Galicia vive un escenario de excepcionalidade e dificultades. A excepción da Xunta de Galicia, todos os sectores implicados veñen de alertar nos últimos tempos sobre unha perda progresiva de calidade na atención sanitaria en Galicia debida ao recorte de recursos humanos e materiais. A eficiencia contrastada do persoal sanitario ten aminorado os posibles efectos desta sucesiva política de recortes, mais a situación ten chegado a puntos insalvables, e hoxe en día, ademais do problema asistencial, asistimos a unha conflictividade inasumible que todos os colectivos e organizacións achacan a unha política de oídos xordos da Consellería de Sanidade.

A dimisión da práctica totalidade dos xefes de servizo de atención primaria da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, resultou ser a gota que colmou o vaso dun cadro de persoal saturado, forzado a traballar en condicións de dificultade e precariedade. A situación viña de estar sendo alertada polos propios profesionais, que xa iniciaran outras accións de protestas como a folga de médicos nos meses de setembro a decembro, ou a folga dos profesionais dos PACs, que se ven mantendo nos últimos meses, sen que estas accións teñan resultado na política de recursos humanos do Goberno da Xunta de Galicia.

Outros sectores do sistema reséntense notoriamente desta política de recortes, que afecta de maneira especial á atención primaria e, por extensión, repercute noutros espazos como os servizos de urxencias (nos que destaca a folga do persoal de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que vai polo seu terceiro mes) ou as urxencias extrahospitalarias, onde o persoal do 061





está tamén continuadamente presentando protestas e reivindicacións non atendidas pola Consellería de Sanidade sobre cuestións organizativas, laborais e asistenciais.

Con este panorama, a reacción tardía do Goberno galego consistiu na apertura de comisións de traballo que, se ben poden constituír unha ferramenta, téñense amosado bastante ineficaces no pasado. Estas medidas, de carácter conceptual pero non de acción real, poderían ser de apoio pero deben ser acompañadas de medidas concretas e de aplicación directa para afrontar os problemas estruturais do sistema en atención primaria, tales como, de entrada, elevar a cantidade de recursos humanos que o sistema ten e dotar de mellor calidade aos profesionais que traballan en ofrecer a atención sanitaria de calidade á poboación galega.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.º) Considera a Xunta de Galicia que a súa política de recursos humanos para a atención primaria ten sido eficaz na última década?
- 2.ª) Que medidas considera a Xunta de Galicia que debería ter tomado con anterioridade e que poderían ter mellorado a situación actual do sistema sanitario público de Galicia na atención primaria?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2019 11:02:55**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2019 11:03:05**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Desde o nacionalismo galego temos denunciado repetidamente o disparatado funcionamento do mercado eléctrico no Estado español, máis aínda despois das modificacións de tarifas do Partido Popular, que non fixeron máis que contribuír ao escurantismo dun oligopolio cuxo funcionamento está nas antípodas da transparencia. Durante as décadas de aplicación puidemos ver tamén como recentemente, en aras do presunto “déficit tarifario” o emporio eléctrico mantén os seus beneficios a custo das persoas consumidoras, supoñendo un abuso ao tratarse dun ben de primeira necesidade que en realidade está a ser concibido como unha mera mercadoría.

A todo isto súmase que, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e diseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular teñen impedido a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade malia que isto abriría as portas a unhas menores e máis controladas tarifas, redundando en última instancia no ben dos e das consumidoras domésticas e das empresas.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O ano 2018 foi fatídico para a suba do prezo da enerxía, pechándose como un dos máis caros da historia. Porén, parece que 2019 non vai ser menos duro de afrontar para as e os consumidores e que a escalada vai continuar, non funcionando as medidas postas en marcha por parte do goberno central nin habendo ningunha iniciativa política ao respecto por parte da Xunta de Galiza.

Malia que a parte regulada do recibo volte ficar conxelada no 2019 o ascenso no 'pool' apunta a que se manterá nos inicios de 2019 despois de fechar o 2018 cun prezo por riba dos 57 euros por megavatio hora (MWh), o máis alto na última década. De feito, podemos constatar como a factura da luz pechou o último ano cun encarecemento interanual de máis do 2%.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como avalía o goberno galego a escalada da luz e as súas consecuencias nos consumos domésticos? E nos empresariais?

-Que actuacións ten desenvolvido ou vai desenvolver o Goberno galego para evitar os abusos na suba da luz para as persoas usuarias?

-Que actuacións ten desenvolvido ou vai desenvolver para que o recibo da luz deixe de ser un dos problemas máis preocupantes e relevantes para os fogares galegos?

-Ten tomado ou vai tomar medidas para que as persoas autónomas non teñan no pagamento do recibo da luz un factor engadido de dificultade económica á hora de manter os seus proxectos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

